



CRITERIOS ADMISIÓN ALUMNADO NO BACHARELATO

O bacharelato, no Centro, non é unha ensinanza concertada. A entrega dos sobre de matrícula, realizarase ao longo de mes de maio. A admisión do alumnado, na parte privada, queda suxeita a ter respectado, ao longo de ensinanza obrigatoria e concertada, tanto polos alumnos como polos seus pais, o Carácter Propio e os deberes establecidos no RRI.

O feito de acadar os obxectivos contidos no Regulamento de Réxime Interior e no Carácter Propio do Centro esixe que todos os membros da Comunidade Educativa o coñezan, o acepten, colaboren no seu desenvolvemento e o respecten.

1.- Comunidade Educativa:

A nosa concepción cristiá de Educación esixe que a escola sexa unha auténtica Comunidade Educativa, na que todos os membros se integren harmonicamente e poñan en común ilusións, obxectivos e realizacións.

A Comunidade Educativa está constituída pola Entidade Titular, os profesores, os alumnos/as, os pais e o persoal non docente e de servizos.

2.- Titularidade:

A Titularidade é a última responsable de que este Carácter Propio vertebre toda a actividade do Centro e inspire e dea coherencia ao Proxecto Educativo e ao Regulamento de Réxime Interno.

3.-Os profesores:

Para as Escolas Pías, o mestre é educador, definido por San Xosé de Calasanz como cooperador da verdade. Acompaña ao neno na busca da verdade humana, científica e transcendente, mediante o lema: *"Piedad y Letras"*

4.- Os alumnos:

Consideramos o alumno:

- Centro da tarefa educativa.
- Suxeito e protagonista da súa propia formación.
- Participante activo, de acordo coa súa idade, na Comunidade Educativa.

5.- Os pais dos alumnos:

Os pais que confiaron os seus fillos á nosa escola por razón da súa identidade cristiá deben coñecer o tipo de educación que impartimos para poderen colaborar eficazmente na súa realización.

Se algunha familia non comparte totalmente o noso proxecto cristián, debe prestarlle o debido respecto. Do mesmo xeito, deberán cumprir os deberes detallados no RRI do Centro¹.

6.- A Escola Cristiá e Calasancia:

Pretendemos, a través da formación, que o alumno chegue a optar persoalmente pola fe (de acordo coa idade). Ilumina-la cultura e a vida coa fe. Contribuír a que se forme unha actitude crítica e a sensibilizarse con determinados valores.

7.- Valores ou actitudes:

Pretendemos educar: ** no respecto a todos.
** na solidariedade.
** para a convivencia e a paz.
** na responsabilidade e sentido do traballo.
** no sentido da xustiza.
** no respecto á liberdade propia e á dos demais.

8.- Extraescolares:

A nosa Educación Integral intenta ir máis alá do horario escolar e favoreceremos as actividades de grupos con inquietudes culturais, sociais, cristiás e deportivas.

¹ Non ter respectados os deberes descritos no RRI implica a non aceptación da solicitude de matrícula.